



Concello de Gondomar

YGS/FE/27/16

Bases 1º concurso de debuxo
Que é para ti o mercado?

BASES DO CONCURSO DE DEBUXO: Que é para ti o mercado?

1. A concellería de Comercio do concello de Gondomar en colaboración cos/as praceiros/as da praza de abastos municipal convoca o 1º concurso de debuxo *“Que é para ti o mercado?”* Este concurso vén respaldar a iniciativa da WUWM (Word Union of Wholesale Markets), asociación internacional que reúne países como: Reino Unido, Francia, Alemaña, Suecia, Finlandia, Grecia, Hungría, China, Irlanda, etc e enmárcase dentro das actividades a desenvolver para promocionar o día do mercado dentro das actuacións que está a levar a cabo a Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da Xunta de Galicia mediante a campaña **“Quere ao teu mercado”**.
2. Poderá participar neste concurso o alumnado de primaria e secundaria de todos os colexios pertencentes ao termo municipal de Gondomar. Estes poderán presentar un máximo de cinco debuxos orixinais por clase; os debuxos expostos serán os seleccionados e presentados nun sobre pechado por cada colexio no Rexistro xeral do concello facendo constar o nome do concurso ao que optan.
3. O prazo de presentación finalizará o día 15 de maio de 2016, ás 13:00h.
4. Os traballos en tamaño DIN A4, serán inéditos e non terán obtido premios ou accésits noutros concursos. Ademais non debe aparecer o nome nin a sinatura do/a autor/a nos debuxos para garantir o anonimato, para poder identificar o autor deberá contar polo reverso da obra, cun número de referencia que corresponda co nome do/a autor/a.
5. A presentación no Rexistro das obras a concurso deberá realizala o colexio; para iso no momento da presentación haberá que rexistrar dous sobres pechados: un deles coas obras a concurso, e outro sobre diferente coa correspondencia entre os nomes dos/a autores/as e o seu correspondente número de debuxo para facer posteriormente a identificación.

No exterior de ámbolos dous sobres debe figurar no nome do colexio, clase, curso, enderezo, teléfono e mail.
6. A técnica será libre, o tema será: *Que é para ti o mercado?*
7. A concellería de comercio concederá cinco premios para o alumnado de primaria e cinco premios para o alumnado de secundaria, distribuídos como segue:
 - 1º premio constará dun vale por valor de 35 €
 - 2º premio constará dun vale por valor de 20 €
 - 3 accésits constarán de un vale para cada un deles por valor de 15 €
8. O xurado encargado de valorar os traballos estará composto por dous representantes do concello, dous representantes da praza de abastos e un profesional do debuxo que valorarán a orixinalidade e a adecuación o tema proposto.



YGS/FE/27/16
Bases 1º concurso de debuxo
Que é para ti o mercado?

Concello de Gondomar

9. A proposta do fallo non surtirá efecto ata a súa ratificación polo órgano municipal competente.
10. O concello de Gondomar resérvase todos os dereitos de propiedade e uso dos debuxos premiados e a aceptación destas bases conleva a autorización de uso dos mesmos.
11. De conformidade co artigo 5 da LO 15/1999 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais obtidos para a participación neste concurso incorporanse a un ficheiro de responsabilidade do Concello de Gondomar, que ten por finalidade a xestión deste concurso de debuxo. As persoas interesadas poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, modificación e oposición dirixíndose por Rexistro Xeral ao Concello de Gondomar.
12. Haberá unha exposición dos debuxos presentados na praza de abastos de Gondomar durante os días 16-28 de maio 2016. A resolución do xurado farase pública o día 28 de maio, día do mercado.
13. A notificación aos/as gañadores/as será a través do colexio mediante o nº de teléfono ou e-mail facilitado nos sobres rexistrados, tamén se fará pública na web do concello a listaxe de premiados.
14. A participación neste concurso supón a íntegra aceptación das presentes bases.

Gondomar, 26 de abril 2016